

## Valoración do BNG do pleno de elección do Sr. Cabas como terceiro alcalde no que vai de mandato

**Xinzo da Limia, 22 de agosto de 2018.** A celebración hoxe, ás presas, do pleno extraordinario no que resultou elixido alcalde o terceiro candidato do PP, Manuel Cabas, logo da renuncia forzada pola xustiza de Antonio Pérez, e da dimisión inesperada por “motivos persoais” de Manuel Casas, é un capítulo máis do culebrón permanente no que o Partido Popular leva convertido ao Concello de Xinzo nos últimos dous mandatos.

A escolla do Sr. Cabas, xa oficializada no Salón de Plenos logo de ser bendecido na xestoría do ex-alcalde condenado, nin vai pechar a crise institucional, nin vai supoñer ningún tipo de revulsivo no fracturado goberno do Concello. O que o PP non fixo en 30 anos non o vai facer agora en 9 meses, por moito empeño e colaboración que achegue o Sr. Baltar utilizando e instrumentalizando á Deputación para tentar silenzar as críticas e dar unha aparencia de “normalidade” e de “acción de goberno”, cando a teimuda realidade é que Xinzo non ten sobre a mesa ningún proxecto estratéxico a curto, medio ou longo prazo e levamos décadas de atraso consecuencia dos gobernos “populares”.

Logo do discurso breve, plano e falto de novas ideas escoitado hoxe non depositamos demasiadas expectativas no Sr. Cabas e, en todo caso, si esiximos que exerza as súas funcións con independencia, criterio e personalidade propios, sen influencias ou teledirixidos externos, e facemos votos para que sexa o derradeiro alcalde que teñamos neste mandato. Na nosa liña, continuaremos a propoñer e apoiar todas as medidas que supoñan avances e resulten beneficiosas para as veciñas e veciños de Xinzo, que serán os que teñan o vindeiro ano na súa man e co seu voto a solución a toda esta desfeita.

Dende o BNG mantemos a nosa folla de ruta de cara ás eleccións traballando nunha alternativa de goberno que sitúe a Xinzo na senda de outros concellos de Galiza que apostaron hai tempo por gobernos de progreso e que, a día de hoxe, colleitan xa os froitos de esa aposta.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. [imprensa@bngxinzo.gal](mailto:imprensa@bngxinzo.gal)  
Xinzo da Limia | 22-8-2018